

LIGA ALEVÍN/BENXAMÍN 5 NORTE

1

EQUIPOS PARTICIPANTES

LIGA ALEVÍN 5 NORTE (23 EQUIPOS)			
Nº	G1	G2	G3
1	Garaysa Xiria F	Lemaco Xiria	Lucus Parrillada
2	Laber Xiria F	Telepizza Xiria	CP Lucense
3	Lista Xiria	Liceo Blanco	SD Eumesa
4	Ribadosar Alca	Liceo Verde	BM Narón Grupo Capela
5	Ribadosar.es	Investo OAR Ciudad	Culleredo Café Caprice
6	Camariñas A	Investo OAR Coruña	Culleredo Cristalería Gestal
7	Camariñas RMO	Atlántico	Línea 21
8	CD Concello de Zas	Cátering Imos Arteixo	

LIGA BENXAMÍN 5 NORTE (28 EQUIPOS)			
Nº	G1	G2	G3
1	Ribadosar Alca Épsión	Colegio Liceo Blanco	Balonmán Narón Grupo Capela
2	Ribadosar Alca Omega	Colegio Liceo Blancoverde	Culleredo Despreocupate.es
3	Balonmán Camariñas	Colegio Liceo Verde	Culleredo Mármoles Rajú
4	CD Concello de Zas	Colegio Liceo Verdiblanco	Balonmán Culleredo
5	Balonman Xallas	Aislamientos San Juan Xiria	Tirso de Molina
6	7 Metros Xiria	TLM Xiria	Gas Abegondo
7	Óptica Auris Xiria	Grabados Calvo Arteixo	Casa Torreiro Abegondo
8	MR Nutrición Xiria	Atlánticas	Abegondo F40
9		Atlánticos	Línea 21 Azul
10		Brigantium	Línea 21 Blanco

FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición disputarase en dúas (2) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

2

1ª FASE ou LIGA REGULAR ALEVÍN: Un total de 3 grupos repartidos en dous grupos de oito equipos e un de sete (pola baixa do Viveiro).

1ª FASE ou LIGA REGULAR BENXAMÍN: Un total de 3 grupos repartidos nun grupo de oito equipos (pola baixa de dous equipos do BM Culleredo) e dous grupos de dez equipos.

FASE FINAL ALEVÍN: Disputarana os catro primeiros clasificados do grupo 1 e 2, ademáis dos tres primeiros clasificados do grupo 3 e o equipo do club ou institución organizadora da fase.

IMPORTANTE: En caso de que o organizador da fase final xa esté clasificado por méritos deportivos, clasificará un equipo de libre designación por parte da FGBm tendo en conta sempre a finalidade de promocionar estratexicamente o balonmán en zonas con menos presenza do noso deporte; a non ser no caso de que o organizador xa teña un equipo clasificado por méritos deportivos e outro que non clasificara, que neste caso terá dereito a clasificar a ese segundo equipo.

FASE FINAL BENXAMÍN: Disputarana os catro primeiros clasificados do grupo 2 e 3, ademáis dos tres primeiros clasificados do grupo 1 e o equipo do club ou institución organizadora da fase.

IMPORTANTE: En caso de que o organizador da fase final xa esté clasificado por méritos deportivos, clasificará un equipo de libre designación por parte da FGBm tendo en conta sempre a finalidade de promocionar estratexicamente o balonmán en zonas con menos presenza do noso deporte; a non ser no caso de que o organizador xa teña un equipo clasificado por méritos deportivos e outro que non clasificara, que neste caso terá dereito a clasificar a ese segundo equipo. Os catro primeiros clasificados desta fase final clasificarán para o Cto. Galego.

DATAS DE CELEBRACIÓN

1ª FASE ou LIGA REGULAR: Dende o 03/11/2019 ata o 10/05/2020.

FASE FINAL NORTE: 23/05/20

CTO. GALEGO MINIBALONMÁN BENXAMÍN: 07/06/2020 .

3

FORMATO DE COMPETICIÓN

1ª FASE ou LIGA REGULAR: Sistema de liga todos contra todos a duas voltas.

FASE FINAL: 4 grupos de 3 equipos, sendo cabezas de serie os primeiros clasificados de cada un dos grupos da liga regular e non podendo coincidir no mesmo grupo equipos que xa se enfrontaran na liga regular, o sistema será de todos contra todos a unha soa volta, clasificando o primeiro de cada grupo para semifinais, enfrontándose ahí o grupo 1 co grupo 3 e o grupo 2 co grupo 4, o mínimo de partidos xogados por cada equipo será de catro.

FORMATO DOS ENCONTROS

Xogaranse catro períodos de oito minutos cada un, cun descanso de 2 minutos entre o 2º e 3º período; entre os demais períodos o descanso será de 1 minuto.

Non se poderán realizar cambios durante os períodos.

A puntuación será en función dos períodos gañados:

- 1 Período Gañado = 3 puntos
- 1 Período Empatado = 2 puntos
- 1 Período Perdido = 1 puntos

BALÓN OFICIAL

Todos os encontros deben xogarse co Balón Hummel Kids, sendo a talla 0,0 para a categoría benxamín e a talla 0 para a categoría alevín.

ORGANIZACIÓN DAS XORNADAS E COMUNICACIÓN DE HORARIOS

4

As xornadas disputaranse en formato de concentración, agás a xornada 1 que será en formato local/visitante para facilitar o comezo da competición. As xornadas serán organizadas polos clubs que figuran na táboa de organización de xornadas.

O horario dos encontros entre equipos do mesmo clube será establecido a criterio do propio clube, poderán disputarse durante a semana ou a fin de semana noutra sede diferente á indicada na táboa que figura ao final destas bases, pero a nova data nunca poderá exceder en trece días naturais a data sinalada no calendario, e debe ser comunicada en tempo e forma a través da plataforma MiSquad.

Os horarios para as xornadas de mañá serán: 10:00, 10:45, 11:30, 12:15, 13:00 e 13:45 horas.

COMUNICACIÓN DE HORARIOS: O equipo organizador da xornada debe comunicar o horario de toda a xornada ao enderezo: deportebase@fgbalonman.com antes do luns previo á xornada ás 20:00 horas. En caso de que algún equipo precise xogar nunha hora determinada debe falar co organizador da xornada.

As xornadas poderán disputarse en horario de mañá tanto sábados coma domingos, para disputar a xornada pola tarde deberá haber acordo entre todos os club implicados na mesma.

SOLICITUDE APRAZAMENTOS

Para solicitar aprazamentos o equipo interesado debe conseguir o acordo do equipo rival e do organizador de sede, as tres partes deben enviar un mail a deporte a deportebase@fgbalonman.com e a cte.competicion@fgbalonman.com antes do luns da mesma semana á deputa do encontro ás 20:00 horas deixando clara a conformidade no aprazamento. No prazo de 7 días naturais deberá comunicarse de mutuo acordo aos mesmos enderezos de correo electrónico a nova data e sede para a disputa do encontro, data que non poderá exceder nunca os 14 días con respecto ao día que figuraba no calendario e sempre antes da última xornada de liga.

5

ARBITRAXES

A Federación Galega de Balonmán, ao detectar diferentes protocolos de pagamento aos colexiados dependendo da zona xeográfica da competición e á espera de atopar unha solución en asemblea, tomou a decisión de facerse cargo de todos os gastos derivados da actuación arbitral nestas categorías, agás nos seguintes casos:

- Encontros fora de horario habitual: encontros entre semana, encontros de fin de semana pola tarde.
- Fases Finais.

A Federación Galega de Balonmán tratará de realizar designacións oficiais a todos os encontros destas categorías, pero debido ao escaso plantel arbitral que hai nestes íntres e ao elevado número de encontros dentro das mesmas franxas horarias non se pode garantir que se cheguen a cubrir todos os encontros. De non haber designación oficial, o xoves anterior á disputa da xornada comunicarse ao club organizador da sede este feito, para que poida así poder buscar a alguén que realice as labores arbitrais. Dende a Federación Galega de Balonmán estase a traballar activamente para resolver estes problemas no futuro.

Será responsabilidade do club local, ou organizador de sede (en caso de que a xornada sexa por concentración) ter impreso un mínimo de unha acta por encontro, as actas deben ser as específicas de minibalonmán, poden descargarse da páxina web da Federación Galega de Balonmán no apartado de árbitros (documentos CTA).

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

Independentemente que haxa designación oficial ou non, un responsable do club organizador da xornada ou club locatario, deberá sacar unha foto da acta e enviala vía mail a deportebase@fgbalonman.com e a competicions@fgbalonman.com antes das 20:00 horas do mesmo día da disputa do encontro.

PRINCIPAIS ASPECTOS DO MINIBALONMÁN A TER EN CONTA

Nos próximos días publicárase o Regulamento de Minibalonmán-Ga 2019, mentres tanto será aplicable o Regulamento de Minibalonmán-Ga 16/17 coas seguintes modificacións/aclaracións:


- DURACIÓN DO ENCONTRO: Cada encontro terá unha duración de 4 períodos de 8 minutos, podendo ser a duración de 10 minutos se a xornada non se disputa en formato concentración, será tempo corrido.
- TROCOS: non poderá haber cambios de xogadores/as en ningún dos catro tempos.
- BOTE UNITARIO: Os xogadores/as tan só poderán dar un único bote dentro do ciclo de pasos.
- GOL: non vale o gol a pase de porteiro, sempre haberá que dar um pase máis.
- DEFENSAS: É obrigatoria a defensa individual a todo o campo durante todo o encontro.
- EXCLUSIÓNS: A exclusión suporá que o/a xogador/a infractor abandone o campo durante o ataque do equipo rival, quedando o seu equipo en inferioridade; unha vez recuperado o balón o/a xogador/a poderá volver a entrar. No caso de que a infracción supoña un lanzamento de seis metros o equipo do xogador infractor terá que xogar o ataque en inferioridade e recuperará a igualdade en defensa.
- PORTEIRO/A: non poderá xogar o mesmo porteiro/a os catro tempos.
- PRÓRROGAS: en caso de empates en eliminatorias a prórroga disputarase a un único tempo de 4 minutos, podendo haber unha segunda prórroga en caso dun novo empate; de seguir a igualdade lanzaranse 3 lanzamentos de 6 metros.

RESPONSABILIDADES DOS ORGANIZADORES (SEDES DE XOGO)

7

No seguinte apartado están adxudicadas as sedes de xogo de cada unha das xornadas, dando por feito que cada clube se responsabilizará da organización da xornada na súa instalación habitual. Os organizadores deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter campos de minibalonmán, pintados ou marcados com cinta adhesiva de balizamento, de ser con cinta permítese que as áreas sexan de forma xeométricas. Exemplo:



- Dispor de dous marcadores manuais, dúas mesas e dúas cadeiras.
- Colocar un banco con capacidade para 6 personas por equipo.
- Colocar 4 porterías, dúas en cada campo de minibalonmán. As porterías deben ter algún sistema de redución de altura, para que os longueiros benxamíns estén a 1,60m e os alevíns a 1,80m.
- Ter un marcador central con cronómetro dixital.
- Ter un vestiario para nenos e outro para nenas.
- Dispor dun mínimo de 3 botellas de auga de 1,5 litros por equipo e encontro ou 8 botellas de 0,5 litros.
- Facilitar un balón Hummel Kids talla 0 e un balón talla 0,0 por campo.
- Dispor dun xogo de 5 petos por campo.

8

- O organizador é o responsable de imprimir unha acta de MInibalonmán por encontro e colocalas na mesa.

ORGANIZACIÓN DE XORNADAS GRUPO 1

ORGANIZACIÓN XORNADAS G1			
XORNADA	DATA	SEDE ALEVÍN	SEDE BENXAMÍN
1	3/11/19	Formato Local/Visitante (única xornada que non é por concentración)	
2	17/11/19	BALONMÁN RIBADOSAR	BALONMÁN RIBADOSAR
3	1/12/19	E.BM. XIRIA	E.BM. XIRIA
4	22/12/19	BALONMÁN CAMARIÑAS	BALONMÁN CAMARIÑAS
5	19/1/20	BALONMÁN XALLAS	BALONMÁN XALLAS
6	2/2/20	E.BM. XIRIA	E.BM. XIRIA
7	16/2/20	BALONMÁN RIBADOSAR	BALONMÁN RIBADOSAR
8	1/3/20	CD CONCELLO DE ZAS	CD CONCELLO DE ZAS
9	15/3/20	E.BM. XIRIA	E.BM. XIRIA
10	29/3/20	BALONMÁN XALLAS	BALONMÁN XALLAS
11	26/4/20	CD CONCELLO DE ZAS	CD CONCELLO DE ZAS
12	1/5/20	BALONMÁN RIBADOSAR	BALONMÁN RIBADOSAR
13	09/5/20	BALONMÁN CAMARIÑAS	BALONMÁN CAMARIÑAS
14	10/5/20	E.BM. XIRIA	E.BM. XIRIA

ORGANIZACIÓN DE XORNADAS GRUPO 2

ORGANIZACIÓN XORNADAS G2			
XORNADA	DATA	SEDE ALEVÍN	SEDE BENXAMÍN
1	3/11/19	ARTEIXO BALONMÁN	ARTEIXO BALONMÁN
2	17/11/19	OAR	OAR
3	1/12/19	ARTEIXO BALONMÁN	ARTEIXO BALONMÁN
4	22/12/19	E.B. XIRIA	E.B. XIRIA
5	19/1/20	ATLÁNTICO	ATLÁNTICO
6	2/2/20	OAR	OAR
7	16/2/20	ARTEIXO BALONMÁN	ARTEIXO BALONMÁN
8	1/3/20	ATLÁNTICO	ATLÁNTICO
9	15/3/20	ARTEIXO BALONMÁN	ARTEIXO BALONMÁN
10	29/3/20	E.B. XIRIA	E.B. XIRIA
11	26/4/20	OAR	OAR
12	1/5/20	BRIGANTIUM	BRIGANTIUM
13	09/5/20	E.B. XIRIA	E.B. XIRIA
14	10/5/20	OAR	OAR
15	17/5/20		BRIGANTIUM
16	17/5/20		BRIGANTIUM
17	24/5/20		ATLÁNTICO
18	24/5/20		ATLÁNTICO

ORGANIZACIÓN DE XORNADAS GRUPO 3

ORGANIZACIÓN XORNADAS G3			
Nº XORNADA	DATA	SEDE ALEVÍN	SEDE BENXAMÍN
1	3/11/19	BALONMÁN CULLEREDO	BALONMÁN CULLEREDO
2	17/11/19	E.M. ABEGONDO	E.M. ABEGONDO
3	1/12/19	BALONMÁN CULLEREDO	BALONMÁN CULLEREDO
4	22/12/19	BM LÍNEA 21	BM LÍNEA 21
5	19/1/20	CP LUCENSE	CP LUCENSE
6	2/2/20	BALONMÁN CULLEREDO	BALONMÁN CULLEREDO
7	16/2/20	S.D. EUME	S.D. EUME
8	1/3/20	BALONMÁN CULLEREDO	BALONMÁN CULLEREDO
9	15/3/20	E.M. ABEGONDO	E.M. ABEGONDO
10	29/3/20	BALONMANO NARÓN	BALONMANO NARÓN
11	26/4/20	BALONMÁN CULLEREDO	BALONMÁN CULLEREDO
12	1/5/20	S.D. EUME	S.D. EUME
13	09/5/20	BALONMÁN LUCUS	BALONMÁN LUCUS
14	10/5/20	E.M. ABEGONDO	E.M. ABEGONDO
15	17/5/20		TIRSO DE MOLINA
16	17/5/20		TIRSO DE MOLINA
17	24/5/20		BM LÍNEA 21
18	24/5/20		BM LÍNEA 21

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

Estas normas específicas complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devenditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.